

### 3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

#### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Só unha das catro seguintes series ten todos os termos en FEMININO. Indique cal é:

- A) Nora, irmá, nugallá, pastora.
- B) Cabra femia, raíña, deusa, castelán.
- C) A estudante, irmán, vilán, nai.
- D) Vilán, león femia, vaca, sultana.

2. Indique cal é a serie correcta:

- A) Análise, diagnosis, dose.
- B) Metástase, neurose, osmosis.
- C) Meninxiti, gloti, chasis.
- D) Todas son incorrectas.

2. No idioma galego, cal das seguintes palabras é correcta?

- A) Enfirmidade.
- B) Enfermedade.
- C) Enfermidade.
- D) Enfirmedade.

3. O réxime de prestación de servizos que supón a realización da xornada de xeito rotatorio é:

- A) Turno.
- B) Turnil.
- C) Quenda.
- D) Quenlla.

4. Cal é a opción INCORRECTA?:

- A) Deus – deuses.
- B) Club – clubes.
- C) Dólar – dólares.
- D) Luz – luces.

6. Utensilio composto de dúas varas grosas a modo de leito portátil para o traslado de enfermos ou feridos, que pode levarse á man ou sobre rodas.

- A) Padiola.
- B) Camilla.
- C) Camastro.
- D) Leital.

7. Microorganismo invisible co microscopio óptico, que actúa como axente infeccioso e que pode reproducirse como parasito no interior de células vivas, ás que acaba destruíndo.

- A) Birus.
- B) Virus.
- C) Vures.
- D) Viruxe.

**8. Sinale a relación de singular/plural que é correcta en galego:**

- A) Tórax – Toraxes.
- B) Ril – Rís.
- C) Control – Controles.
- D) Cadril – Cadrís.

**9. Respecto dos nomes das letras, elixa a opción correcta:**

- A) O iota.
- B) A güe.
- C) O fé.
- D) A pé.

**10. A frase correcta é:**

- A) O paciente ten que guardar reposo durante sete semanas.
- B) O paciente ten que gardar reposo durante sete semanas.
- C) O paciente ten que gardar repouso durante sete semanas.
- D) O paciente ten que guardar repouso durante sete semanas.

Preguntas de reserva

**1. Cal é o nome correcto dun número en galego?**

- A) Binte.
- B) Siete.
- C) Des.
- D) Catro.